

## **Santiago Rodríguez López e Paradela**

Santiago Rodríguez López (Barcelona, 1971) foi paradelense desde antes de nacer. Fillo de emigrantes (o escritor Manuel Oreste Rodríguez López, de Paradela, e a súa dona Irene López Gómez, de O Páramo), residiu en Barcelona ata os 14 anos, afincándose primeiro en Lugo, logo en Compostela (1997 a 2002), emigrando finalmente ao Reino Unido como profesor das Universidades de Southampton e Bristol, estando na actualidade preparando o seu acceso á Cátedra nesta última universidade

### **Relevancia intelectual**

Licenciado en Bioloxía pola USC con Premio Extraordinario de Licenciatura e Doutor en Xenética coa cualificación de Sobresaínte "cum laude", bolseiro postdoutoral na USC e na Universidade de Southampton cunha beca "Marie Curie" da Comunidade Europea, desde novembro de 2006 é Profesor Titular de Xenética de Poboacións e Xenética Molecular na "Bristol Medical School" da Universidade de Bristol.

Director dun grupo de investigación desta Universidade, está dedicado ao estudo da influencia de factores xenéticos en enfermidades multifactoriais humanas. É membro do "Editorial Board" da revista internacional "Genes", revisor de proxectos de investigación e revisor de artigos de investigación para máis de vinte revistas científicas internacionais.

Foi profesor asociado na USC (Departamento de Xenética) de 1996 e 2002. Na Universidade de Bristol imparte clases de Epidemioloxía Xenética a alumnos da licenciatura de Medicina, sendo supervisor e mentor dunha ducia de alumnos cada ano académico. É Profesor de Xenética e un dos directores da Licenciatura de Medicina Xenómica, e profesor de alumnos postgraduados e postdoutorais no curso internacional "Genetic Epidemiology".

Así mesmo, é director responsable da organización docente e coordinación do módulo "Student Choice" do currículo de Medicina, impartido durante os tres primeiros anos da licenciatura de Medicina a un total de 750 alumnos cada ano académico. E ten sido director de 6 Teses Doutorais desde 2013 a 2019; publicado arredor dun cento de artigos científicos de Xenética en revistas de recoñecido prestixio internacional; participado en máis de 60 congresos nacionais e internacionais de Xenética en Europa, Asia e América e pronunciado conferencias sobre Xenética no Reino Unido, Alemaña, India, China e España.

### **Relación con Manuel Rodríguez López**

Santiago Rodríguez López é fillo do escritor Manuel Rodríguez López, paradelense, emigrante en Barcelona, o mellor poeta obreiro galego da segunda metade do século XX,

coa excepcionalidade de que o gran conxunto de toda a obra en galego fíxoa en Cataluña, sendo exemplo de galegitude na Galicia da diáspora, e tendo merecido o título de "Fillo Predilecto do Concello de Paradela" pola súa obra literaria e polo vencello coa súa terra e a defensa a ultranza dos intereses e a cultura paradelenses.

Cando morreu Manuel Rodríguez en 1990 foi soterrado na terra natal da súa muller, pero ao atopar logo un testamento hológrafo no que pedía ser soterrado na terra que o viu nacer, a súa viúva e os dous fillos, cumprindo cos seus desexos, fixeron o traslado dos restos a Paradela, onde o Concello dispuxo que fose enterrado no Panteón de Paradelenses Ilustres existente na capital do Concello.

Díxose ao comezo que foi paradelense desde antes de nacer, porque desde sempre, na casa de seus pais, respirouse Paradela, a súa cultura, as súas xentes, e quedou imbuído dun amor perenne pola terra e pola obra de seu pai, que leva demostrado durante toda a súa vida e, de xeito especial, desde o pasamento de seu pai.

E lóxico, de Lei, que un fillo respecte a seu pai, mesmo que siga o seu exemplo, que recoñeza a súa traxectoria e contribúa a que cando desapareza non se esqueza o seu legado. Pero Santiago Rodríguez asumiu de tal xeito o papel de continuador, de transmisor, de divulgador da obra de Manuel Rodríguez López que, envorcándose na obra de seu pai, e con Paradela como punto principal de referencia, investigou, coleccionou, divulgou, publicou e honrou a copiosa obra de seu pai.

Para evidenciar a dedicación de Santiago a Manuel Rodríguez e a Paradela, velaquí as obras do escritor, figurando en negriña as publicadas despois da súa morte, impulsadas polo seu fillo:

### Poesía

- Poemas populares galegos (1968).
- Saudade no bulleiro (1970).
- Soldada mínima (1979).
- **Onte e hoxe vivencial (1995).**
- **A Atlántida (1995), tradución ao galego do poema épico catalán de Jacint Verdaguer.**
- **Manuel Rodríguez López. Poesía Completa (2009).**
- **Manuel Rodríguez López. Antoloxía Poética (2014).**

### Prosa

- Reencontro coa aldea (1983).
- Galegos en Catalunya 1978-1982 (1983).
- Galegos en Catalunya-2 (1985).
- Viaxes con Ánxel Fole (1988).
- Festa da Virxe das Dores de Paradela 1989 (1989).

- **Volta a España a pé (1990), versión galega do libro de Manolo Silva.**

#### Libros inéditos recuperados

- **Historias, contos e xentes de Paradela.**
- **Vivimos unha longa traxedia (pieza teatral).**
- **O Páramo.**
- **Vacacións en Galicia: Vivir Galicia.**
- **Lugueses.**
- **Semblanzas de galegos ilustres.**

#### Colaboraciones en libros colectivos

- **Homaxe ó Che (1970).**
- **A Nosa Terra (de "Libro de Oro", centenario de Cabanillas) (1976).**
- **Homenaxe multinacional a Castelao (1976).**
- **Galicia no ano 1979 (1979).**
- **José M<sup>a</sup> Acuña (1983).**
- **Os escritores lucenses arredor de Fole (1986).**
- **Voces poéticas (1987).**
- **Paradela y su concello (1990).**
- **Aliad-Ultreia. Poesía. Pintura (1993).**

#### Bibliografía seleccionada

- **Gran Enciclopedia Gallega.**
- **Medio cento de galegos e Rosalía (1983).**
- **88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes (1983).**
- **De Pondal a Novoneyra (1984).**
- **Diccionario de escritores en lingua galega (1990).**
- **Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975 (libro y vídeo, 1993).**
- **Diccionario da literatura galega. I. Autores (1995).**
- **Diccionario de Fole (1997).**
- **Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya (1999).**
- **Vida e obra de Manuel Rodríguez López (2000).**

#### **Relación de Santiago Rodríguez con Paradela**

Toda a relación filial de Santiago Rodríguez co Manuel Rodríguez López escritor hai que entendela como entre Santiago e Paradela. Se por vida e obra Manolo está indisolublemente unido a Paradela, a Paradela quedou unido para sempre o seu fillo Santiago.

Todo o traballo, toda a obra galega de Santiago Rodríguez é, por definición paradelense, destacando necesariamente os seguintes traballos:

### Libros publicados na Biblioteca Virtual Egeria

- "En torno á parábola das cereixas de Xulio Xiz" (2018).
- "Poemas Populares Galegos. Ed. 50 aniversario 1968-2018" (2018).
- "A Paradela de Manuel Rodríguez López" (2019).
- "Dos Parábolas de Amor", con Mary C. Otero Rolle (2020).
- "Sintiendo lo que fui" (2020).
- "Turbulencias curriculares" (2020).
- "Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López 2023-2020", con Antonio Giz (2021).

### Participación en libros colectivos

- "Xesús Mato: 75 anos de vida, 50 anos de crego e 25 de exercicio na montaña lucense", publicado no libro "Mato sono lo" (2009).
- "A palabra, espertador de espíritos", no libro "Cerna de Carballo" (2015).
- "Conversando de novo co meu pai na vosa presenza", no libro "Manuel Rodríguez López, 25 anos despois" (2018).
- "Xosé Manuel Carballo: temos un anxo máis no noso ceo" e "Xosé Manuel Carballo e Manuel Rodríguez López conversan xa por sempre no ceo dos galegos", no libro "Xosé Manuel Carballo, sempre na nosa memoria" (2018).
- "En memoria do meu pai", no libro "Festas de Paradela" (1991).
- "Paradela facilita que a semente do meu pai xermole no meu fillo", prólogo do libro do V Certame literario do Concello de Paradela (2000).
- "O tempo ten a palabra", prólogo do libro do X Certame literario do Concello de Paradela (2005).
- Selección dos poemas da "Antoloxía poética de Manuel Rodríguez L." (2014), co Prof. Xesús Alonso Montero, daquela Presidente da R.A.G.

### **Especial relación co Concello de Paradela**

Desde o pasamento de Manuel Rodríguez López, o Concello de Paradela, un grupo de amigos do escritor, e a familia, afrontaron moi diversas accións nas que Santiago foi o elemento impulsor e colaborador imprescindible.

A primeira gran acción emprendida polo Concello foi o Certame literario Manuel Oreste Rodríguez López de poesía e narración, en galego e castelán, que tivo e ten un éxito inusitado en toda Galicia, en toda España e en todos os países de Hispanoamérica, que se ven celebrando desde 1995. Santiago formou parte do Xurado deste certame, correndo coa edición do libro cos traballos premiados, confección de diplomas, participación na entrega de premios, gravación en vídeo destas entregas, e actuando así

mesmo en moitas ocasións o seu fillo Carlos, músico e musicólogo. El levou todo este tempo o maior peso das diversas tarefas que o Certame supón, sempre con entusiasmo, sempre con dedicación absoluta.

A través de Santiago a familia ten doado ao Concello diverso material sobre o escritor que dá nome ao Certame e á Casa da Cultura. E este vencello, e esta dedicación veuse reforzada nos últimos doce anos durante a acción continuada de divulgación da obra e potenciación da memoria de Manuel Rodríguez López a través de dúas exposicións itinerantes das que foi Comisario xunto con Antonio Giz:

- A mostra "Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro", inaugurada en agosto de 2013, que percorreu máis de 60 localizacións en toda Galicia, As Canarias, Andalucía, Cantabria, Castela, Cataluña, Extremadura, Madrid, Navarra, País Vasco e Portugal.

- A exposición "Manuel Rodríguez López 2.0" que, con motivo do bicentenario do Concello de Paradela visitou os concellos do Camiño Francés a Compostela na provincia e a capital lucense.

Así mesmo, a existencia da web [www.manuelrodriguezlopez.org](http://www.manuelrodriguezlopez.org), coa máis ampla información que a páxina dun poeta poida ter en Galicia débese a Santiago Rodríguez López, biógrafo do seu pai, perfecto coñecedor da súa obra e continuador do seu traballo.

Hoxe, en todo Galicia e noutros moitos ámbitos, Manuel Rodríguez López é coñecido como "O poeta de Paradela", e este coñecemento, que honra ao poeta pero tamén á súa terra, débese en boa medida a Santiago Rodríguez López, o seu devoto fillo.

E se Paradela ten declarado a Manuel Fillo Predilecto do Concello, parece de xustiza que declare **FILLO ADOPTIVO DE PARADELA A SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ** para recoñecer unha devoción e un labor a prol de Paradela, completando a obra de seu pai que a prematura morte de Manuel Rodríguez deixou sen coroar, e que o fillo fixo recuperar, unificar e brillar para gloria do autor e da súa terra de Paradela.